

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Ana Acuña: Xoán Vidal. Voz e memoria

Xustiza poética

Xoán Vidal. Voz e memoria

Ana Acuña

Concello de Pontevedra, 2005. 44 páxs.

Nalgunha ocasión, neste mesmo Cartafof, temos falado sobre os axiomas que se van espallando no pensar colectivo e que, devagar, se converten en dogma de fe inapelable para milleiros de estudosos da literatura (profesionais ou non). As historias da literatura, manuais, libros de texto de divulgación, ofrécennos unhas visións ou reducidas ou reduccionistas, que non resumidas, sobre diferentes cuestións que temos que recitar case de memoria sen opción a albiscar outras relacións ou realidades máis fieis ao que se nos está contando.

- 14:20 28/03/2005

Non obstante, dende o noso punto de vista, estes axiomas vanse derrubando grazas aos traballos que sacan con moito voluntarismo algunhas persoas que teñen a ben pararse a reflexionar e investigar sobre un autor, unha obra, un tempo... Un destes traballos é o que nos ofrece a profesora da Universidade de Vigo Ana Acuña, que buscando novos indicios, novas informacións, dá a luz este estudo sobre a vida e obra do poeta pontevedrés Xoán Vidal.

Se botamos unha ollada a algunha que outra publicación onde se dedican capítulos enteiros ao fenómeno vangardista, decatáronos de que a figura de Xoán Vidal Martínez é practicamente inexistente. Hai algunha referencia ao seu labor editorial como un dos máximos responsables da revista *Alborada*, como é o caso da *Literatura galega. Século XX* de A Nosa Terra, ou en traballos aínda menos ambiciosos que o precedente (a *Historia da literatura galega* de Dolores Vilavedra), chegan a incluílo como seguidor do "impresionismo eglóxico", como ultimamente se deu en chamar ao hilozoísmo. En calquera caso, a presenza de Vidal ou é inapreciable ou é subordinada a escolas ou poetas como Amado Carballo.

Ana Acuña descóbrenos que ese seguidismo non é máis que un proceso, un tránsito cara a unha poesía que, fronte ao que moitos puideran pensar, cultivará *ismos* que non eran nin moito menos os relacionados á súa vez coa tradición decimonónica de hilozoísmo e neotrobadorismo. En Vidal, antes do seu silenciamento e a desaparición da súa xeración, descóbrensenos sorpresas interesantes. Aí están os poemas ¡dadaístas! e ultraístas que, dende o noso punto de vista, veñen completar con moito esa visión "eglóxica" no que a literatura de vangarda se refire.

Traballos como o de Ana Acuña, no fondo, o que piden é unha revisión da Xeración do 25 (ou do 22, ou novecentista, ou como se lle queira chamar). Sen negar as aplicacións vangardistas dos poetas desta xeración máis alá dunha xeración propiamente vangardista, hoxe en día o que prestaría sería unha reformulación do grao de importancia dos elementos vangardistas nos diferentes poetas esquecidos que se amorean nunha xeración que tradicionalmente se tiña como pequena en número e en tempo, por razóns por todos coñecidas. Unha revisión neste sentido provocaría resucitar a algún que outro morto coa súa respectiva sorpresinha no fardel.

Celebramos, pois, a iniciativa de Ana Acuña, que presentándonos non só a actividade poética de Vidal, senón que tamén a biográfica, social, política, cultural e profesional, verte luz cun traballo rigoroso, competente e con moita ciencia. Ademais, a edición de altísima calidade a cargo do Concello de Pontevedra fai xustiza sobre unha figura moi interesante e da que apenas tiñamos nada para consultar. Estes traballos monográficos están completando, revisando e perfeccionando indirectamente historias da literatura de carácter divulgador, pero coutadas en moitos aspectos pola súa propia xénese e finalidade.